

XXXII travesía a nado **El Corte Inglés**

Trofeo Ría de Vigo - Natación Augas Abertas

1 de agosto 2010 - 11:00 h. Praia do Vao

Proba puntuable para o VII Circuito Galego de Augas Abertas da Federación Galega de Natación

organización

A XXXII edición da TRAVESÍA A NADO "EL CORTE INGLÉS" NA RÍA DE VIGO - TROFEO DE NATACIÓN EN AUGAS ABERTAS, rexirase pola Normativa de Competicións de Augas Abertas da Federación Española de Natación e polo presente regulamento particular.

categorías

NADADORES NON FEDERADOS

Cat.	Sexo	Nadadores nados no ano	Percorrido
1	Masc.	95 e posteriores	B
2	Fem.	95 e posteriores	B
3	Masc.	90 a 94	B
4	Fem.	90 a 94	B
5	Masc.	85 a 89	B
6	Fem.	85 a 89	B
7	Masc.	80 a 84	B
8	Fem.	80 a 84	B
9	Masc.	75 a 79	B
10	Fem.	75 a 79	B
11	Masc.	70 a 74	B
12	Fem.	70 a 74	B
13	Masc.	60 a 69	B
14	Fem.	60 a 69	B
15	Masc.	59 e anteriores	B
16	Fem.	59 e anteriores	B

NADADORES FEDERADOS

Cat.	Sexo	Nadadores nados no ano	Percorrido
17	Masc.	1999 e posteriores	B
18	Fem.	2000 e posteriores	B
19	Masc.	94 a 98	A
20	Fem.	96 a 99	A
21	Masc.	93 e anteriores	A
22	Fem.	95 e anteriores	A

Enténdese por nadador FEDERADO o deportista con licencia en vigor na tempada 2009-10 na disciplina de natación en calquera Federación de Natación adscrita á FINA (Federation Internationale de Natation) e, optativamente, calquera outro deportista federado nalgunha Federación Deportiva.

percorrido

A saída para tódalas categorías (con separación entre percorridos) darase nas inmediacións das Beach Escolas no Vao (Vigo). Esta saída estará debidamente sinalizada e delimitada a tal efecto.

O percorrido consistirá nun "triángulo olímpico", con dúas boias de obrigado paso: primeiramente a situada na marxe dereita mirando ao mar, e despois a da marxe esquerda.

A meta, tamén sinalada e delimitada, emprazarse na beira da praia. Unicamente será válida a chegada no lugar establecido como meta. A lonxitude do percorrido A é de 2.500 metros (distancia mínima para a participación no circuíto galego), namentres que para o percorrido B será 925 metros (media milla náutica).

Os nadadores, adestradores e delegados dos clubs participantes concentraranse na zona da saída ás 10:00 da mañá para a entrega da documentación. Unha vez pechada a entrega de gorros e documentación non se realizará entrega posterior.

Para maior información consulta - la figura debuxada ao dorso deste regulamento

inscricións

As inscricións efectuaranse en El Corte Inglés de Vigo, no 6º andar (Departamento de Deportes), en horario de tarde (de 16 a 20 horas), sendo requisito imprescindible a presentación de calquera documento oficial no que fige a DATA DE NACIMENTO do nadador. Asemade, os nadadores non federados menores de 18 anos na data de inscrición precisarán AUTORIZACIÓN paterna/materna no boletín de inscrición.

Os nadadores federados que non residan en Vigo, poden efectuar-la súa inscrición chamando a El Corte Inglés de Vigo, departamento de Relacións Externas, teléfono 986 415111. Neste caso, a presentación de documentos realizarase o día da travesía.

Establécese como DATA LÍMITE de inscrición o MÉRCORES 28 DE XULIO ás 20:00 h., non sendo posible baixo ningunha circunstancia ningún tipo de inscrición, cambio ou modificación con posterioridade a esta data.

A inscrición na travesía supón a aceptación do presente regulamento, quedando reservado o dereito de admisión. Os dereitos de inscrición son gratuítos.

desenvolvemento da proba e xurado

A proba estará controlada polo Comité Galego de Árbitros da Federación Galega de Natación, sendo da súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenvolvemento da competición.

A efectos de identificación, cada participante recibirá da Organización un gorro numerado, polo que será necesario acredita-la personalidade con algún documento oficial. Este gorro deberá colocarse antes de comeza-la travesía e non retiralo ata finaliza-la mesma.

A organización poderá pechar a chegada da proba transcorridos vinte minutos dende a chegada do grupo principal de nadadores. Neste caso os nadadores serán recollidos pola organización e trasladados á liña de meta.

Queda expresamente prohibida a utilización de axudas externas como aletas, flotadores, neoprenos e similares.

Asemade os bañadores entregados deberanse axustar aos criterios da FINA para materiais e procedementos segundo a lista actualizada a data 1 de xuño de 2010.

premios

NADADORES FEDERADOS

> Campión absoluto masculino:

> Campiona absoluta feminina:

> Subcampión absoluto masculino:

> Subcampiona absoluta feminina:

> Terceiro clasificado absoluto masculino:

> Terceira clasificada absoluta feminina:

> Cuarto clasificado absoluto masculino:

> Cuarta clasificada absoluta feminina:

> Quinto clasificado absoluto masculino:

> Quinta clasificada absoluta feminina:

> Sexto clasificado absoluto masculino:

> Sexta clasificada absoluta feminina:

> Sétimo clasificado absoluto masculino:

> Sétima clasificada absoluta feminina:

> Oitavo clasificado absoluto masculino:

> Oitava clasificada absoluta feminina:

> Noveno clasificado absoluto masculino:

> Novena clasificada absoluta feminina:

> Décimo clasificado absoluto masculino:

> Décima clasificada absoluta feminina:

> Ademais, en cada categoría: Campión, subcampión, terceiro, cuarto, quinto e sexto clasificado: Trofeo El Corte Inglés.

NADADORES NON FEDERADOS

> Campión, segundo e terceiro clasificado en cada categoría: Trofeo El Corte Inglés.

> Trofeo ao nadador de maior idade

> Trofeo á nadadora de maior idade

A entrega de trofeos realizarase unha vez rematada a travesía na mesma praia nas inmediación das Beach Escolas

NOTA: Tódolos nadadores e nadadoras que tomen parte na Travesía recibirán un obsequio conmemorativo da súa participación na XXXII Travesía a nado El Corte Inglés.